

**Irmaos Grimm**

# **BRANCAS-NEVES**

Tradución de Xavier Frías

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA  
COTARELO VALLEDOR



Érase uha vez un tornado país. Era inverno e caían os faloupos de neve suavemente desde el célo. A raíña daquel país encontrábase sentada á beira duha ventá co marco de ébano, a coser. Da que contemplaba a paisaxe distraídamente, pinchou un dido cōa agulla e tres pingas de sangue caeron na neve. Al ver o bonito efecto que faía del vermello sobre el branco, a Raíña pensou:

– Que lindo sería ser mai duha nena branca branca como a neve, de beizos tan vermellos como el sangue e el cabelo tan mouro como a madeira deste marco...

Al pouco tempo aconteceu que teve uha filla branca como a neve, de boca coloradía como el sangue e cos cabelos escuros como el ébano, á que todo el mundo chamou Branca-Neve. Mais cuando deu a luz a raíña, ela morreu e deixou sola a nena e mais el pai dela.

Pasadoun ano, el rei casou outra vez. A nova esposa era uha muller ben formosa, mais tamén orgullosa e presumida que non podía aturar que daquén a superase en beleza. Tía un espello máxico no que se miraba continuamente e sempre lle faía a mesma pregunta:

– Espello, espellín máxico. Quen é máis bela de todas as mulleres?

E el espello sempre lle respondía el mesmo:

– Raíña e señora, vós sodes a máis formosa.

Ela quedaba tan contenta, porque sabía que el espello sempre dicía a verdade. Mais Brancas-Neves medrou e fexo quince anos. Era belísima, e deu sido máis formosa que a propia raíña. E certo día fatal, a raíña preguntou al sou espello:

– Espello, espellín máxico. Quen é máis bela de todas as mulleres?

E el espello, que sempre dicía a verdade, díxolle:

– Raíña e señora, tu eras a máis bela, mais agora Brancas-Neves é máis bela que tu.

A raíña quedou cegada pola envexa; desde aquel día, cada vez que vía a Brancas-Neves, poíase dolente, porque tía uns celos espantosos da súa beleza. El desprecio medrou no sou corazón coma as arvellacas, e finalmente non teve un minuto de repouso, nin de noite nin de día. Daquela mandou chamar o cazador dos sous bosques e díxolle:

– Has levar a princesa por aí e que non volva máis nunca. Has matala e traquerme el sou corazón como proba de que fixeche el que che mandei.

El cazador obedeceu al que lle mandara a raíña. Levou a princesa al bosque e uha vez alí, sacou el cuitelo de esfolar veados e xa ía traspasar a inocente Brancas-Neves, cuando a nena rompeu a chorar e díxolle:

– Por favor, cazador, non me mates! Déixame vivirl Ficarei para sempre no bosque e non volverei enxamais al Palaciol

E vendo que era uha nena encantadora, el cazador compadeceuse e díxolle:

– Escapa, nía, escapa, fuxe al máis mesto del bosque e non salias nunca de aí, que ninguén te vexa máis por estas terras.

Despois pensou:

– "As feras acabarán axina con ela", mais quitou un peso de enriba por non ter que a matar el mesmo côas súas propias maos. E no sou lugar capturou unha cría de xabaril e colleulle el corazón que levou á raíña como proba de obediencia.

A malvada muller mandou al sou cocieiro que lle preparase aquel corazón para lo comer, crendo que pertencía á cuitada Brancas-Neves.

Entrementres, a pobre nena quedou sola no escuro bosque, sola de todo. Tía tanto medo que non ousaba moverse, até que á fin botou a camiñar tropezando côas pedras e rabuñando a súa suave pel côas balseiras, mais os grandes animais pasaban á súa beira sen a mancaren. Andou e andou mentres a sostiveron as súas pernas até que escureceu. Daquela viu uha casía e entrou nela para procurar abeirigo e repouso.

Na casía todo era diminuto. Había uha mesía cuberta cun mantelín branco, sobre el cual se vían sete pratíos con cadansou cullar, cuitelo, garfo e conca. Al carón da parede había sete camía aliñadas cubertas con sabas brancas como a neve.

Brancas-Neves, que tía fame e sede, comeu nun pouco de verdura e de pan de cada pratín e tamén bebeu nun sorbo de viño de cada conca, porque non quería rematar co dun solo, deixándolo sen nada. Despois, como estaba mui mui cansa, probou as camas todas, mais ninguha era da súa talla: uha era longa, el outra curta, el outra estreita... até que chegou á séptima que lle ía ben e alí se deitou, adormecendo de seguida.

En chegando a noite, volveron os habitantes da casa que eran sete ananíos que traballaban nuha mina no monte, de onde extraían os sou ricos minerais. Penderon as súas sete lámpadas e al felo, percibiron que daquén estivera alí. Todo estaba nuha posición mudada.

Preguntou el primeiro:

– Quen sentou na mia cadeira?

Preguntou el segundo:

– Quen comeu no meu prato?

Preguntou el terceiro:

– Quen mordeu no meu pan?

Preguntou el cuarto:

– Quen catou a mia verdura?

Preguntou el quinto:

– Quen usou el meu garfo?

Preguntou el sexto:

– Quen empregou el meu cuitelo?

Preguntou el séptimo:

– Quen bebeu na mia conca?

Lougo el maior revisou el cuarto e viu que na súa cama había trazos de que daquén se deitara nela.

– Quen se deitou na mia cama?

Acudiron os outros e exclamaron a coro:

– Tamén daquén se deitou na mia...

Para remate, cuando el séptimo foi ver a súa, descubriu con sorpresa que nela había uha moza a durmir. Chamou célere aos demais, que se lle achegaron chêos de admiración e trouxeron as súas sete lámpadas para veren ben de todo a nena.

– Madeus, madeus –dicían– é belísimal

E mui contentos, decidiron non espertala e deixala descansar na cama. El séptimo anano durmiu aquela noite cos sous irmaos, un hora na cama de cadaquén, e así pasou a noite toda.

Al ameicer espertou Brancas-Neves. Aterrouse toda cuando viu aqueles sete ananíos, mais elos a acougaron faéndolle festas e enchéndola de preguntas:

– Como te chamas? –empezaron.

– Chámome Brancas-Neves –dixo ela.

– E como chegache á nosa casa?

Daquela a rapacía quantoulles o que lle pasara cōa súa madrasta, que quixera matala, mais el cazador salváralle a vida e ela viuse obrigada a camiñar durante todo el día até que á fin atopou a casía dos ananíos.

Propuxéronlle os ananos:

– Se teis gracia, podes quedar aquí connosco, cuidando da nosa casa. Habería cociar, faer as camas, lavar, coser a roupa e ter todo desengueirado. Vivirás connosco e en troque ímoste protexer da raíña.

– Está ben –aceptou Brancas-Neves.

E desde aquela quedou a vivir na casa cos sous novos amigos. De mañá eles ían á mina para buscaren os minerais cos que gañaban a vida, e de tarde volvían e atopaban a casa en orde e a comida feita e quente enriba da mesa. Durante el día, a rapaza quedaba sola, por iso os ananos aconselláranlle:

– Has ter cuidado da túa madrasta. Seguramente hase enteirar que estás aquí e tentará vir por ti. Non deixes entrar ninguén na casa.

E, efectivamente, a raíña que crera comer o corazón de Brancas-Neves, presumía novamente de ser a máis formosa del reino. Mais un día púxose diante del sou espello e díxolle:

– Espello, espellín máxico. Quen é a máis formosa de todas as mulleres?

E el espello respondeulle:

– Raiña e señora, tu eras a máis bela, mais agora Brancas-Neves, que vive entre os sete montes cos sete ananos, supérate.

A malvada raíña decatárase de que el cazador a enganara porque sabía que el espello non mentía xamais. Entón comprendeu que Brancas-Neves aínda vivía. Desde aquel momento púxose a maquinar a maneira de matala, pois que mentres non fose ela a muller máis formosa del reino, os ciúmes non a deixarían repousar.

Á fin teve uha idea: disfrazaríase de vella vendedora para ninguén reconecela, tinxindo el cabelo e poendo roupa mui vella e farrapenta.

Así vestida, marchou polos sete montes até chegar á casa dos sete ananos. Chamou á porta e berrou:

– Vendo bôa mercadoría! Vide velal

Brancas-Neves asomouse á ventá e preguntou:

– Bon día, bôa muller. Que mercadoría traes?

– Fitas de cores para as nenas formosas.

E sacou uha que estaba feita con sedas multicolores.

– "É uha anciá inofensiva e podo deixala pasar" –pensou para si Brancas-Neves, de maneira que abriu a porta e deixoula pasar para lle comprar a fita.

– Que nena tan guapa es! –dixo a vella–. Déixame que che poña a fita no tou precioso cabelo.

Branças-Neves non desconfiou: baxou a cabeza e permitiu que a anciá lle puxese a fita. Mais a vella botoullo al pescozo, féxolle un forte nougo e apertoullo con todas as súas forzas, até que Brancas-Neves caeu al chao sen alento.

– E agora, es a máis formosa? –exclamou a malvada vella mentres salía da casa ás carreiras.

Al hora da cêa volveron os ananíos. Asustáronse muito cuando viron a Brancas-neves deitada no terrén toda pálida e sen se mover. Parecía estar morta. Erguéronna e romperon a fita que a afogaba. Daquela a rapacía empezou a respirar pouco a pouco. Cuando os ananos souberon el que acontecera, volveron advertirlle:

– A anciá era sen dúbida a raíña. Ten cuidado, por favor, e non deixes entrar ninguén cuando esteñas sola.

Entrementres, a raíña volvera al palacio e preguntara al sou espello máxico;

– Espello, espellín máxico. Quen é a máis formosa de todas as mulleres?

E el espello respondeulle cōa sinceridade de sempre:

– Raiña e señora, tu eras a máis bela, mais agora Brancas-Neves, que vive entre os sete montes cos sete ananos, supérate.

Á raíña latiulle el corazón con tal violencia despois de ouvir aquelas palabras, que case que lle rompe el peito, porque comprendera que Brancas-Neves non morrera despois de todo.

– Vou idear algo que acabe con ela para sempre –díxose.

Cōa axuda das artes da bruxería, nas cuais era unha experta, preparou un escarpizo envelenado. Puxo novamente un disface de vella, mais cun aspecto distinto al da primeira vez. Así, volveu andando até a casa dos ananos.

Chamou na porta e dixo:

– Que mercadorías tan bonitas teñol

Branças-Neves asomouse á ventá e explicou á vella:

– Síntolo, bōa muller, mais non debo abrir na porta a ninguén.

– Mais al menos déixame que che mostre el que levo –dixo a vella.

E sacou el escarpizo envelenado, sostendo nel polo alto para que a rapaza el vise. A Brancas-Neves gustoulle muito, de modo que se deixou convencer e abriu na porta.

Quando se deron posto de acordo no precio, díxolle a anciá:

– Agora déixame que che faga un bonito penteado.

A inocente Brancas-Neves non sospeitou nada, mais tan pronto como a vella metera el escarpizo entre el sou cabelo, el veneno comezou a faer o sou efecto e a nena caeu al chao como morta.

– De que che serve seres tan bela –dixo a malvada bruxa—se che falta a vidal

E volveu para el sou palacio.

Por sorte, a noite chegou axina e os sete ananos voveron para a súa casaa. Al ver a Brancas-Neves caída e como morta, axina sospeitaron da madrasta. Buscaron a causa daquelo arredor da nena e de seguida atoparon el escarpizo envelenado. Arrincáronllo da cabeza e rapidamente a rapaza recuperouse. Cuando estevo mellor, cuantoulles o que lle acontecera.

Os ananíos novamente pedíronlle que tivese cuidado e que non abrise a porta a ninguha persôa, home ou muller, agá a eles.

Cuando a raíña chegou al palacio, el primeiro que fexo foi acudir onde el sou espello para lle preguntar:

– Espello, espellín máxico. Quen é a máis formosa de todas as mulleres?

E el espello respondeulle:

– Raiña e señora, tu eras a máis bela, mais a máis formosa de todas segue a ser Brancas-Neves, que vive entre os sete montes cos sete ananos, supérate.

Al escuitar aquelas palabras chêas de verdade, a raíña non puido suxeitar o sou odio e berrou:

– Brancas-Neves ha morrer, aínda que a min me custe a vidal

Despois choeuse nun sito secreto del palacio que namais conecía ela e preparou uha mazá envelenada. Por fóra semellaba vermella e sabrosôa, mais por dentro levaba un veneno tan forte que abondaba un pequeno bocado para morrer.

Cando a mazá estevo pronta, a raíña escureceu el rostro e disfrazouse outra vez de vella vendedora. Con esa facha, volveu aos sete montes até a casa dos ananos. Chamou na porta e Branca-Neves asomouse á porta dicíndolle:

– Non podo abrir na porta a ningún. Os sete ananos teinmo prohibido.

– Como queiras –respondeu a anciá—. Irei a outro lado vender as mías mazás. Toma, heiche agasallar uha por seres tan amable.

– Non –respondeu Brancas-Neves—. Non podo aceptar nada de desconecidos.

– Temes que esteña envelenada?–preguntou a vella que era mui argute—. Mira, hei partila en dúas metades. Tu comes nuha e eu nel outra.

Mais a mazá estaba preparada de tal maneira que solo uha metade contía el veneno. A tentadora mazá abriu el apetito da moza que aceptou el brindé. Estendeu a mao desde a ventá e colleu a metade que lle ofrecían.

Tan pronto como a catou, Brancas-Neves caeu al chao. A raíña bruxa, al velo, largou uha gargallada e díxolle:

– Branca como a neve, vermella como el sangue, negra como el ébano e... mortal Ademais, agora non poderán despertarte os ditosos ananos!

E cuando regresou al palacio, preguntou al espello:

– Espello, espellín máxico, quen é a máis bela de todas as mulleres?

Á fin, el espello deulle a resposta esperada:

– Raíña e señora, vós sodes a máis bela.

Daquela el sou corazón acougou (todo el que un corazón envexoso como el dela pode acougar).

Cuando os ananos chegaron á noite á casa, volveron encontrar Brancas-Neves como morta. Non alentaba. Erguéronna, afrouxáronlle a roupa, sacudiron os sous cabelos, laváronllos, mais todos os sous esforzos foron en vao. A súa querida Brancas-Neves estaba morta.

Puxéronna entón nunha urna, sentaron arredor e choraron durante tres días.

Despois ían enterrala, mais dáballes muita pena porque estaba tan viva, que conservaba a color das súas meixelas. Por eso, dixeron:

– Non podemos enterrala na escuridade da terra.

Levaron el urna al bosque. Era toda de cristal e por baxo puxeran el nome da rapaza indicando amais que era uha princesa. Puxeron el urna no cimo duha montaña e estableceron calendas de guarda permanente.

Os animais del boque vían tamén chorar Brancas-Neves. Primeiro foi uha curuxa, lougho uha pega e á fin uha palomba branca.

Brancas-Neves esteve nel urna durante muito tempo, sen se descompoer, como se estivese mergullada nun profundo soño. Seguía a estar branca como a neve, vermella como el sangue, e cos cabelos negros como el ébano.

E entón un príncipe estranxeiro perdérase no bosque e chegou á casa dos ananíos. Pediu permiso para pasar a noite. Al outro día, acompañou os ananos a ver el urna de Brancas-Neves no monte. Al instante, el príncipe namorouse da rapaza e dixo aos ananos:

– Dádeme esa urna. En cambio, heivos dar o que me pidades.

Mais os ananos contestáronlle:

– Non vola venderíamos nin por todo el ouro del mundo.

– Daquela, regaládema –suplicou el príncipe–, porque xa non poderei vivir sen ver a cara da princesa. Quero venerala durante el resto da mía vida.

Os ananos pensaron que co príncipe el urna e Brancas-Neves quedaban en bôas maos, de modo que lla regalaron.

Cabo de poucos días volveu el príncipe con varios serventes e uha carreta. Varios delos foron cargar el urna, mais un tropezou cuha pedra e a caixa levou uha forte sacudida.

Mais gracias a aquel accidente, el trozo de mazá que estaba na gorxa de Brancas-Neves saliulle pola boca e a princesa espertou. Ergueu a tapa del urna e preguntou:

– Que me ocorreu? Onde estou?

El príncipe contestoulle alegremente

– Comigo, que te amo máis que a ninguén no mundo. Acompáñame al palacio de meu pai e serás a mía esposa.

Branca-Neves quedou encantada con aquel aposto príncipe e marchou con el. Algúns días despois celebrouse a voda con toda a pompa.

Á festa foi convidada tamén a malvada madrasta bruxa. Ela puxera un bonito vestido e preguntou al sou espello máxico:

– Espello, espellín máxico: son eu a muller máis formosa?

– Raíña e señora, antes si o eras, mais agora élo a Princesa Brancas-Neves, que en todo vos supera.

Entón a muller berrou chêa de furia. Non quería ver a sua fillastra, mais a curiosidade era muita nela, de modo que asistiu. Cuando viu a princesa cos sous propios ollos e reconeceu nela a Brancas-Neves (porque até daquela non soubo quen era a princesa que casaba), non soportou máis aquela dolor. Entrementes, os ananos fixeran uns zapatos que botaban lume e obrigaron á bruxa a calzalos e beilar con elos até que caeu morta de canseira e de vergoña.